

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020

CENTRO: CEIP VELEIRO DOCAMPO

CURSO: 3º EDUCACIÓN PRIMARIA

TITORAS: 3ºA Marisena Rey Gómez

3º B Sofía Díaz Gómez

DATA: 12/05/2020

Instrucións do 27 de abril do 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/2020, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

ÍNDICE

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.
2. Avaliación e cualificación.
3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación) .
4. Información e publicidade.

• **Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles da área de Matemáticas**

Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
B1.1. Utilizar procesos de razoamento e estratexias de resolución de problemas, realizando os cálculos necesarios e comprobando as solucións obtidas.	<p>MTB1.1.1. Analiza e comprende o enunciado dos problemas (datos, relacións entre os datos, contexto do problema, pregunta realizada).</p> <p>MTB1.1.2. Reflexiona sobre o proceso de resolución de problemas:revisa as operacións utilizadas, as unidades dos resultados, comproba e interpreta as solucións no contexto da situación, busca outras formas de resolución etc.</p>
B1.2. Identificar e resolver problemas da vida cotiá, axeitados ao seu nivel, establecendo conexións entre a realidade e as matemáticas e valorando a utilidade dos coñecementos matemáticos axeitados para a resolución de problemas.	MTB1.2.1. Planifica o proceso de traballo con preguntas apropiadas: que quero descubrir?, que teño?, que busco?, como o podo facer?, non me equivoquei ao facelo?, a solución é idónea?
B3.4. Coñecer as unidades de medida do tempo e as súas relación, utilizándoas para resolver problemas da vida diaria.	MTB3.4.1. Resolve problemas da vida real utilizando as medidas temporais e as súas relacións
B3.5. Coñecer o valor e as equivalencias entre as diferentes moedas e billetes do sistema monetario da Unión Europea.	<p>MTB3.5.1. Coñece a función, o valor e as equivalencias entre as diferentes moedas e billetes do sistema monetario da Unión Europea utilizándoas tanto para resolver problemas en situación reais como figuradas.</p> <p>MTB3.5.2. Calcula múltiplos e submúltiplos do euro.</p>
B3.6. Identificar e resolver problemas da vida cotiá adecuados ao seu nivel, establecendo conexións entre a realidade e as matemáticas e valorando a utilidade dos coñecementos matemáticos axeitados e reflexionando sobre o proceso aplicado para a resolución de problemas.	MTB3.6.2. Reflexiona sobre o proceso seguido na resolución de problemas: revisando as operacións utilizadas, as unidades dos resultados, comprobando e interpretando as solucións no contexto.
B4.4. Saber o que é un ángulo e as clases de ángulos.	MTB4.4.1. Distingue entre ángulos agudos, rectos e obtusos.
B4.5. Interpretar representacións espaciais (esbozo dun itinerario, plano dunha pista...) realizadas a partir de sistemas de referencia e de obxectos ou situacións familiares.	MTB4.5.1. Obtén información puntual e describe unha representación espacial (esbozo dun itinerario, plano dunha pista...) tomando como referencia obxectos familiares.
B4.1. Identificar figuras planas e corpos xeométricos, nomeando e recoñecendo os seus elementos básicos (lados, vértices, caras, arestas e ángulos).	MTB4.1.1. Coñece e identifica os elementos básicos dos corpos xeométricos (lado, ángulo e vértice).
B4.2. Coñecer e distinguir a circunferencia e o círculo, así como os seus elementos básicos.	MTB4.2.1. Coñece e diferencia a circunferencia do círculo e distingue os seus elementos.
B4.3. Coñecer e diferenciar os poliedros e os corpos redondos, así como os seus elementos básicos.	MTB4.3.1. Identifica corpos redondos e poliedros (prisma, pirámide).
B5.1. Realizar, ler e interpretar representacións gráficas dun conxunto de datos relativos ao contorno inmediato.	<p>MTB5.1.1. Recolle e clasifica datos de situacións do seu contorno, utilizándoos para construír táboas ou gráficas.</p> <p>MTB5.1.2. Ordena os datos rexistrados atendendo a un criterio de clasificación.</p> <p>MTB5.1.3. Interpreta gráficas de táboas extraendo a información explícita.</p>

• Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles Lingua Castelá

Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.5. Recoñecer o tema e as ideas principais de textos orais breves e sinxelos de diferente tipoloxía, segundo a forma da mensaxe (descritivos, narrativos, dialogados, expositivos) e a súa intención comunicativa (informativos, literarios e prescritivos). 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ LCB1.5.1. Comprende de forma global a información xeral de textos orais de uso habitual, do ámbito escolar e social, identifica o tema e selecciona as ideas principais: noticias, contos, folletos informativos, narracións, textos científicos, anuncios publicitarios, receitas médicas.... ▪ LCB1.5.3. Responde preguntas sinxelas correspondentes á comprensión literal.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.1. Ler en voz alta e en silencio diferentes textos. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ LCB2.1.1. Le en voz alta, sen dificultade, diferentes tipos de textos apropiados á súa idade.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.2. Comprender distintos tipos de textos adaptados á súa idade e valorar a lectura como medio para ampliar o vocabulario, fixar a ortografía correcta e como gozo persoal. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ LCB2.2.1. Resume, respondendo a preguntas e reflectindo as ideas principais, textos de diversa tipoloxía textual.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.8. Utilizar de xeito guiado as Tecnoloxías da Información e Comunicación para a procura da información. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ LCB2.8.1. Utiliza, de xeito guiado, as Tecnoloxías da Información e a Comunicación para buscar información.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.1. Producir textos seguindo un modelo con diferentes intencións comunicativas, cohesivas de xeito elemental, aplicando as regras ortográficas de nivel e coidando a presentación. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ LCB3.1.1. Escribe, con axuda e en diferentes soportes, textos sinxelos propios da vida cotiá, do ámbito escolar e social, utilizando elementos de cohesión básicos: noticias, contos, folletos informativos, narracións, textos científicos, anuncios publicitarios, receitas, instrucións, normas.... ▪ LCB3.1.4. Presenta os seus traballos con caligrafía clara e limpeza: evitando riscos, inclinación de liñas etc.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.4. Elaborar proxectos individuais ou colectivos de carácter informativo sobre diferentes temas do área. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ LCB3.4.2. Elabora e presenta, de forma guiada, textos sinxelos, que ilustra con imaxes, en diferentes soportes (papel e dixital), de carácter redundante co contido: carteis publicitarios, anuncios e cómics.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.6. Utilizar as Tecnoloxías da Información e a Comunicación de modo eficiente e responsable para presentar as súas producións. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ LCB3.6.1. Usa con axuda as Tecnoloxías da Información e a Comunicación para escribir, presentar os textos e buscar información.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B4.1. Aplicar os coñecementos básicos sobre a estrutura da lingua, a gramática (categorías gramaticais), o vocabulario (formación e significad das palabras e campos semánticos), así como as regras de ortografía para favorecer unha comunicación máis eficaz. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ LCB4.1.1. Recoñece e identifica as categorías gramaticais básicas: presentar ao nome, expresar características do nome ▪ LCB4.1.4. Utiliza as normas ortográficas básicas.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B4.3. Desenvolver estratexias para mellorar a comprensión oral e escrita a través do coñecemento da lingua. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ LCB4.3.2. Aplica as normas de concordancia de xénero e número, na expresión oral e escrita. ▪ LCB4.3.3. Aplica, con axuda, as normas de acentuación (sílabas tónicas) nas súas pro-

	<p>ducións escritas.</p> <ul style="list-style-type: none"> ▪ LCB4.3. 4. Utiliza signos de puntuación nas súas composicións escritas.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B4.4. Utilizar programas educativos dixitais para realizar tarefas e avanzar na aprendizaxe. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ LCB4.4.1. Utiliza de forma guiada, distintos programas educativos dixitais.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B5.4. Reproducir a partir de modelos dados textos literarios moi sinxelos, en prosa ou en verso, con sentido estético e creatividade: contos e poemas. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ LCB5.4.1. Crea, con axuda, sinxelos textos literarios moi sinxelos (contos, poemas) a partir de pautas ou modelos dados.

• Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles Lingua Galega

Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.1. Comprender, buscar, localizar e seleccionar información explícita en textos sinxelos de soportes variados (webs infantís, libros, carteis). 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ LGB2.1.1. Comprende a información relevante de textos sinxelos procedentes dos medios de comunicación social ou propios de situacións cotiás.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.3. Realizar o subliñado das ideas principais dun texto sinxelo e resumir o seu contido. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ LGB2.3.1. Realiza o subliñado das ideas principais dun texto sinxelo. ▪ LGB2.3.2. Realiza o resumo, a partir de preguntas, dun texto sinxelo.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.1. Usar, as estratexias de planificación, textualización e revisión do texto. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ LGB3.1.2. Elabora o texto, con coherencia xeral e de xeito creativo. ▪ LGB3.1.3. Aplica, de forma xeral, os signos de puntuación (punto, coma, dous puntos, puntos suspensivos, signos de exclamación e interrogación).
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.2. Producir textos sinxelos de diferente tipoloxía que permitan narrar, describir e resumir, emocións e informacións relacionadas con situacións cotiás e aqueles que sexan característicos dos medios de comunicación. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ LGB3.2.1. Elabora, en diferentes soportes, textos propios da vida cotiá e académica, imitando modelos: cartas e correos electrónicos, mensaxes curtas, normas de convivencia, avisos, instrucións...
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.7. Coidar a presentación dos traballos escritos en calquera soporte e valorar a lingua escrita como medio de comunicación e de expresión creativa. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ LGB3.7.1. Coida a presentación dos textos seguindo as normas básicas de presentación establecidas: marxes, disposición no papel, limpeza, calidade caligráfica, separación entre parágrafos, interliñado...
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B4.1. Utilizar terminoloxía lingüística e gramatical básica, como apoio á comprensión e á produción de textos, así como aplicar o seu coñecemento na mellora do uso da lingua. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ LGB4.1.3. Separa as sílabas que conforman cada palabra, diferenciando a sílaba tónica das átonas. ▪ LGB4.1.4. Identifica nun texto substantivos e adxectivos.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B4.2. Aplicar, de forma xeral, as normas ortográficas básicas, apreciando o seu valor social e a necesidade de cingirse a elas. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ LGB4.2.2. Utiliza as normas ortográficas básicas, aplicándoas nas súas producións escritas, con especial atención ás maiúsculas.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B4.3. Utilizar correctamente as regras de puntuación, así como unha sintaxe elemental nas producións orais e escritas. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ LGB4.3.1. Emprega, de forma xeral, os signos de puntuación.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B4.6. Identificar palabras compostas e derivadas, así como sinónimos, antónimos e palabras polisémicas básicas, para comprender e producir textos. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ LGB4.6.1. Recoñece palabras derivadas e compostas, identificando e formando familias de palabras.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B5.4. Recrear e compoñer poemas e relatos a partir de modelos sinxelos. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ LGB5.4.1. Recrea e compón poemas e relatos, a partir de modelos sinxelos, para comunicar sentimentos, emocións, preocupacións, desexos, estados de ánimo ou lembranzas.

• **Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles de Ciencias da Natureza**

Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
B1.1. Realizar un proxecto para a obtención dun produto como resultado dun problema formulado, elaborando con certa autonomía documentación sobre o proceso.	<p>CNB1.1.1. Busca, selecciona e organiza a información importante, obtén conclusións e comunica o resultado de forma oral e escrita de maneira ordenada, clara e limpa, en diferentes soportes.</p> <p>CNB1.1.2. Manifesta certa autonomía na observación, planificación e execución de accións e tarefas e ten iniciativa na toma de decisións.</p>
B1.2. Establecer conxecturas de sucesos ou problemas que ocorren no seu contorno por medio da observación, e obter unha información.	CNB1. 2.1. Establece conxecturas de sucesos ou problemas do seu contorno mediante a observación obtén unha información.
B1.3. Traballar de forma cooperativa apreciando o coidado pola seguridade propia e a dos seus compañeiros/as, coidando as ferramentas e facendo un uso axeitado dos materiais.	CNB1.3.1. Coñece e aplica estratexias para estudar e traballar de forma eficaz individualmente e en equipo, amosando habilidades para a resolución pacífica de conflitos.
B3.1. Identificar e clasificar, con criterios científicos, animais e plantas do seu contorno próximo, recoñecer as súas características principais e buscar información en fontes variadas.	<p>CNB3.1.2. Observa, identifica e recoñece as características das plantas do seu contorno e clasifícaaas con criterio científico.</p> <p>CNB3.1.3. Utiliza claves e guías para a clasificación de animais e plantas.</p>
B3.2. Observar e rexistrar de forma cooperativa, algún proceso asociado ao ciclo vital dun ser vivo, no seu medio ou na aula. Comunicar de xeito oral e escrito os resultados, empregando soportes textuais variados.	CNB3.2.2. Rexistra e comunica de xeito oral e escrito os resultados da observación do ciclo vital dunha planta mediante experimento.
B4.2. Realizar experiencias sinxelas e pequenas investigacións para recoñecer os cambios de estado da auga e os efectos de forzas coñecidas no movemento dos corpos	CNB4.2.1. Explica os cambios de estado da auga en fenómenos naturais e situacións da vida cotián.

• Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles de Ciencias Sociais

Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
<p>B1.1.Realizar un traballo de investigación que supoña a busca, selección e organización de información sobre a área (empregando as TIC e outras fontes), a realización dun produto, a documentación do proceso (a través do uso do cartafol) e a comunicación do resultados, valorando o esforzo e amosando actitudes de cooperación, participación e respecto.</p>	<p>CSB1.1.1.Busca información (empregando as TIC e outras fontes directas e indirectas), selecciona a relevante, a organiza, analiza, obtén conclusións sinxelas e as comunica oralmente e/ou por escrito.</p> <p>CSB1.1.2.Manifesta autonomía na planificación e execución de accións e tarefas coidando a súa presentación, ten iniciativa na toma de decisións e asume responsabilidades.</p>
<p>B1.2.Empregar estratexias de traballo cooperativo, adoitar un comportamento de respecto e tolerancia ante as diferentes ideas e achegas alleas nos diálogos e debates.</p>	<p>CSB1.2.1.Participa en actividades individuais e de grupo e, emprega estratexias de traballo cooperativo adoitando un comportamento responsable, construtivo e solidario e respecta os principios básicos do funcionamento democrático.</p>
<p>B1.3.Coñecer a terminoloxía propia da área e achegarse a comprender textos sinxelos de carácter social, xeográfico e histórico.</p>	<p>CSB1.3.1.Identifica a terminoloxía propia da área e comprende textos sinxelos de carácter social, xeográfico e histórico.</p>
<p>B3.1.Expoñer e explicar a organización social, política e territorial da contorna próxima a través da interpretación dun mapa mental.</p>	<p>CSB3.1.1.Describe a estrutura básica da organización social, política e territorial da contorna próxima.</p>
<p>B3.2.Valorar a diversidade cultural, social, política e lingüística de Galicia respectando as diferenzas.</p>	<p>CSB3.2.1.Recoñece, partindo da realidade galega, a diversidade cultural, social, política e lingüística nun mesmo territorio como fonte de enriquecemento cultural.</p>
<p>B3.4.Distinguir entre materias primas e produtos elaborados e asocialos cos diferentes sectores produtivos e económicos da zona</p>	<p>CSB3.4.1.Diferencia entre materias primas e produtos elaborados e os asocia cos diferentes sectores produtivos e económicos da contorna</p>
<p>B4. 1.Recoñecer a duración dun século e situar a datación dos feitos históricos máis significativos da súa contorna.</p>	<p>CSB4.1.1.Recoñece o século como unidade de medida do tempo histórico e localiza feitos situándoos como sucesivos a.C o d.C</p>
<p>B4.3.Recoñecer algúns vestixios do pasado, presentes na contorna próxima, como fontes históricas para coñecer o pasado e como elementos integrantes da contorna actual</p>	<p>CSB4.3.1.Identifica algúns vestixios do pasado na contorna e recoñece o seu valor como fonte histórica.</p>

• **Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles de Plástica**

Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
B1.3. Clasificar texturas, formas e cores atendendo a distintos criterios.	EPB1.3.2. Clasifica texturas, formas e cores atendendo a criterios de similitude ou diferenza
B1.4. Identificar e valorar recoñecidos/as autores/as e as súas obras máis significativas, facendo fincapé na cultura propia.	EPB1.4.2. Procura información sobre artistas plásticos/as da cultura propia e de outras, e sobre a súa obra.
B2.1.Utilizar instrumentos, técnicas e materiais adecuados para alcanzar un produto artístico final.	EPB2.1.8. Usa a técnica de colaxe con limpeza e precisión, manexando diferentes técnicas.
B2.2. Coidar o material e os espazos e utilízalos adecuadamente.	EPB2.2.1. Coida e utiliza adecuadamente os recursos de traballo.
B2.4. Utilizar as tecnoloxías da información e da comunicación para buscar material para as creacións propias ou colectivas	EPB2.4.2. Utiliza as tecnoloxías da información e da comunicación para buscar material para as súas creacións artísticas.

• **Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles para a área de Valores Sociais e Cívicos**

Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
B1.2. Construír o estilo persoal baseándose na respectabilidade e na dignidade persoal	VSCB1.2.1. Razona o sentido do compromiso respecto a un mesmo e ás demais persoas.
B1.3. Estructurar un pensamento efectivo empregando as emocións de forma positiva.	VSCB1.3.1 Aplica o autocontrol á toma de decisión.
B1.4. Desenvolver o propio potencial, mantendo unha motivación intrínseca e esforzándose para o logro de éxitos individuais e compartidos.	VSCB1.4.2. Asume as súas responsabilidades durante a colaboración. VSCB1.4.3. Realiza unha autoavaliación responsable da execución das tarefas con axuda dunha persoa adulta.

2. Avaliación e cualificación

Avaliación	Procedementos: Análisis das distintas tarefas e traballos realizados polos alumnos e enviados por medios telemáticos.
	Instrumentos: ao tratarse de dun periodo de educación a distancia, o instrumento de avaliación primordial será a observación dos traballos e tarefas que o alumnado envíe dixitalmente e participación nas actividades propostas.
Cualificación final	Será a media das calificacións da primeira e segunda avaliación, ou a nota da segunda sempre que esta sexa superior a primeira, podendo engadirse ata 1,5 puntos máis en función do traballo e esforzo das actividades realizadas e presentadas polo alumno/a durante este periodo de confinamento. A cualificación será positiva se é igual ou superior a 5. A cualificación será negativa cando a media da primeira e da segunda avaliación dé inferior a 5 e tamén sexa inferior a 5 a segunda avaliación e non realice as tarefas de recuperación e reforzo, non conseguindo acadar os obxectivos da dúas primeiras avaliacións (valorando tamén os recursos cos que conte). No caso de que o mestre case non tivera contacto co alumno/a ou este fora inexistente, manterase a nota máis alta, a da segunda avaliación ou a nota media da primeira e da segunda.
	Alumnado de materia pendente
	Criterios de avaliación: A avaliación será continua. Terase en conta os traballos de recuperación, reforzo e repaso que realicen os alumnos durante este período para avaliar positivamente a materia.
	Criterios de cualificación: Se o alumno/a supera os obxectivos propostos para o dous primeiros trimestres calificarase cun 5 con Reforzo Educativo.
	Procedementos e instrumentos de avaliación: Procedementos: Análisis das distintas tarefas de repaso, reforzo e recuperación que se envían durante este trimestre. Instrumentos: - Realización de tarefas: lecturas comprensivas sinxelas, realización de breves textos escritos ben estruturados, certa fluidez lectora, resolución de problemas, cálculo e numeración.

	-Visualización de vídeos . - Actividades interactivas.
--	---

3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)

Actividades	Recuperación, repaso e reforzo: Diferentes tipos de actividades sobre contidos traballados no primeiro e segundo trimestre. Ampliación: Actividades que serven para ampliar conceptos, procedementos e actitudes traballadas con anterioridade (curso actual e anterior).
Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)	Todos teñen conectividade en maior e menor grado (wifi ou datos móbiles). É importante ter en conta as limitacións que neste aspecto hai no medio rural. E custo que supón ter unha tarifa móbil con moitos GB.
Materiais e recursos	Libro de texto, fichas, actividades interactivas de reforzo e ampliación, libro dixital, videos educativos, caderno de aula, libros de lectura, experimentos, retos, materiais reciclados para a elaboración de certos traballos.

4. Información e publicidade

Información ao alumnado e ás familias	Espazo ABALAR Páxina web do CEIP Veleiro Docampo e- mails Móbil Fichas fotocopiadas entregadas o 12 de marzo .
Publicidade	Páxina web do centro.

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020

CENTRO: CEIP VELEIRO DOCAMPO

CURSO: 3º E.P.

MATERIA: INGLÉS.

DEPARTAMENTO: IDIOMA ESTRANXEIRO

DATA: 6/5/2020

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

ÍNDICE

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.
2. Avaliación e cualificación.
3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)
4. Información e publicidade.

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles

Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
B.1.1 . Comprender o sentido xeral, e a información máis relevante en interaccións verbais, con estruturas simples e léxico de uso cotiá (os deportes, os animais, as comidas preferidas), conectados cos propios intereses e coas propias experiencias e articulados con claridade e lentamente transmitidos de viva voz ou por medios técnicos que non distorsionen a mensaxe e conte co apoio visual correspondente.	PLEB1.1. Comprende o sentido xeral e a información máis relevante en interaccións verbais, con estruturas simples e léxico de uso cotiá
B.3.1 Identificar o tema e comprender o sentido xeral e as ideas principais en textos escritos sinxelos de temas previamente traballados de forma oral e de interese para o alumnado e conte con apoio visual en soporte papel ou dixital.	PLEB3.1. Comprende frases simples escritas, relacionadas cos temas traballados previamente de forma oral.
B.3.2 Discriminar patróns gráficos e recoñecer os significados e intencións comunicativas básicas que expresen pausas, exclamacións, interrogacións e interrogacións.	PLEB3.2. Comprende a idea principal dunha historia sinxela acompañada de apoio visual redundante e identifica os e as personaxes principais.
B.4.1 Escribir textos sinxelos seguindo un modelo dado, compostos de frases simples illadas, nun rexistro neutro, utilizando con razoable corrección as convencións ortográficas e os principais signos de puntuación, para falar de si mesmo/a, da súa contorna máis inmediata e de aspectos da súa vida cotiá, en situacións familiares e predicibles.	PLEB4.1. Escribe frases sinxelas relacionadas con temas da súa vida cotiá traballadas previamente de forma oral.
B.4.3 Iniciar o uso das ferramentas informáticas para completar actividades predeseñadas polo persoal docente.	PLEB4.3. Escribe textos sinxelos, organizados con coherencia na súa secuencia e con léxico relacionado co tema da escritura e cos seus intereses.

Pode facerse tamén seguindo o modelo que se teña na programación didáctica respectiva

2. Avaliación e cualificación

Avaliación	Procedementos: Análise de producións do alumnado. Probas escritas
	Instrumentos: Reading, resposta a preguntas sobre un texto. Exercicios de listening. Expresión escrita: escribir un texto usando o vocabulario e estruturas traballadas. Textos escritos.
Cualificación final	Indicar o procedemento para obter a cualificación final de curso: Calcularase unha media ponderada entre as cualificacións da primeira e segunda avaliación, cunha ponderación do 40% e o 60% respectivamente. A valoración do traballo realizado durante o terceiro trimestre poderá subir a cualificación até un máximo de 1,5 puntos. Dita valoración non poderá nunca implicar unha baixada da cualificación obtida da media entre a primeira e segunda avaliación.
Proba extraordinaria de setembro	(non aplica)
Alumnado de materia pendente	Criterios de avaliación: Os criterios versarán sobre tódolos contidos impartidos nos dous primeiros trimestres. O proceso para obter a cualificación final, será o mesmo que o indicado no cadro "Cualificación final" desta táboa. Ademais, engadirase a puntuación obtida nas tarefas enviadas para a recuperación dos contidos non asimilados durante as clases presenciais.
	Criterios de cualificación: A cualificación terase en conta partindo das anteriores avaliacións, valorando o traballo realizado neste terceiro trimestre, primando a flexibilidade.
	Procedementos e instrumentos de avaliación: Seguimento das actividades enviadas a través de medios telemáticos.

3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)	
Actividades	Worksheets: actividades de consolidación baseadas nas diferentes seccións estudadas nas unidades: as historias, vocabulario, gramática, funcións, as leccións intercurriculares. Actividades baseadas no Activity Book. Actividades interactivas con soporte dixital.
Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)	Remisión aos alumnos por medios telemáticos (páxina web do centro) das tarefas referidas no apartado anterior.
Materiais e recursos	Class Book. Activity Book. Fichas. Soportes dixitais.

4. Información e publicidade

Información ao alumnado e ás familias	Páxina web do centro Correo corporativo do mestre ABALAR
Publicidade	Publicación obrigatoria na páxina web do centro.